

Imaxina e Comparte máis

Edición, textos e ilustracións

Proxecto Conta con elas
Mancomunidade da Área
Intermunicipal de Vigo

Revisión e correccións

Laura Estévez Caride
José Ángel Méndez Pardo
Gloria Pérez Durán
Blanca Roura Javier

Deseño e maquetación

magenta, axencia de
publicidade

Colabora

Asociación de mulleres Lilith

depósito legal

VG:



Esta publicación pretende ser un pequeno espello
que reflicta e faga reflexionar sobre a situación das
mulleres no ámbito laboral, persoal e familiar,
concebida en tres partes diferenciadas por cores:

ESQUEMAS DO PASADO

A SITUACIÓN ACTUAL

O FUTURO QUE DESEXAMOS

Imagina e Comparte máis



Imaxina e
Comparte máis

XÉNERO

CONSTRUCCIÓN
SOCIAL

SEXO

DIFERENZAS
BIOLÓXICAS





Adquirimos a identidade de xénero dende que nacemos.

CANDO FALAMOS DE SEXO

Referímonos ás diferenzas biolóxicas entre as mulleres e os homes.

CANDO FALAMOS DE XÉNERO

Referímonos ao conxunto de ideas e crenzas que se lles atribúen ás persoas dependendo de se é muller ou home.

Estas ideas e crenzas son diferentes segundo as sociedades e as culturas e varían ao longo do tempo.

Ou non variou dende as nosas avoas?

O xénero non é algo natural senón que é unha construción social e cultural adquirida a través da socialización e da educación.



Imagina e
Comparte máis

	ROL DE XÉNERO	ESTEREOTIPO DE XÉNERO
MULLER	REPRODUTIVA COIDADORA	EMOTIVA PASIVA
HOME	PRODUTIVO PROVEDOR	PRODUTIVO PROVEDOR





Todas as mulleres son sensibles e todos os homes racionais?

OS ROLES DE XÉNERO SON...

As actividades asignadas a cada sexo como propias e que determinan as responsabilidades e obrigas que van desempeñar.

OS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO SON...

Etiquetas sociais que atribúen unhas características determinadas ás mulleres e aos homes, xeneralizando e simplificando a realidade.

OS ROLES E OS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

Implican uns valores e normas que perpetúan as desigualdades nas relacións entre mulleres e homes.



Imagina e
Comparte máis

	HOME	MULLER
ESPAAO	PÚBLICO	PRIVADO
TRABALLO	REMUNERADO	NON REMUNERADO





A asignación tradicional de roles atribuíu diferentes espazos e tempos ás mulleres e aos homes.

ÁS MULLERES

Socialmente, as mulleres foron confinadas a estar no espazo doméstico onde realizan un traballo que consiste en...

O mantemento da casa, o coidado da saúde, a educación e o apoio á familia.

E caracterízase por...

Ser un traballo non remunerado economicamente, polo tanto non recoñecido e infravalorado. En consecuencia, as mulleres adquiren dependencia e perden autonomía.

AOS HOMES

Ocupan socialmente o ámbito público, onde realizan o traballo produtivo e remunerado economicamente, o que lles proporciona independencia e recoñecemento social.

HOME

MULLER

TEMPO

DEFINIDO

INDEFINIDO

Imagina e
Comparte más





E... quen fai as camas? Quen limpa a casa?

O tempo das mulleres non se define nunha xornada de traballo, tanto se teñen un emprego fóra da casa como se non, están obrigadas a que o maior peso das tarefas do fogar sexa da súa responsabilidade.

O tempo dos homes está máis definido. As súas horas de traballo comezan e rematan a unha hora determinada.

Imagina e
Comparte más





A dobre xornada laboral provoca desigualdade entre mulleres e homes

As mulleres fan malabarismos para compaxinar o espazo laboral e o doméstico:

1. Reducindo a súa xornada laboral remunerada e como consecuencia cobrando e cotizando menos.
2. Desempeñando traballos de menor cualificación que non esixan moito tempo de dedicación.
3. Anulando ou atrasando a maternidade.
4. Tendo menos fillas/os do desexado.

5. Recorrendo ás redes familiares (como a avoa).

6. Contratando servizos, (e só aquelas familias que dispoñan de suficientes recursos económicos).

7. Abandonando o seu posto laboral.

¿Observades que estas decisións que as mulleres se ven obrigadas a tomar para conciliar a vida laboral coa familiar non lles favorecen nada?

Imagina e
Comparte más





Situación laboral das mulleres na Mancomunidad de Vigo

A taxa de desemprego é dun **63%** maior cá dos homes.

Os contratos son máis precarios, e maioritariamente a media xornada, o que repercute en que a cotización e salario sexan menores.

O salario é un **30%** máis baixo facendo o mesmo traballo que os homes.

A contratación temporal é maior, supera en **8 puntos** á dos homes.

Teñen peores condicións para mellorar por estar obrigadas a compaxinar o traballo remunerado co doméstico.

Todos e todas temos a obriga de cambiar esta situación, é un deber social.

Imagina e
Comparte más





Por que hai poucas mulleres presidentas?

As mulleres teñen férreas barreiras para acceder a postos de dirección e a postos tradicionalmente masculinos. Adoitan ocupar os postos máis baixos e peor retribuídos.

POR QUE?


Porque teñen serias dificultades para conciliar a vida familiar coa laboral.

Polos prexuizos que ten o empresariado referidos ás capacidades das mulleres para desenvolver determinadas profesións (soldadora, carpinteira, tubeira....)

Unha de cada tres mulleres da nosa mancomunidade só ten acceso a postos de traballo que reproducen os roles tradicionais femininos desenvolvidos no ámbito doméstico (enfermeiras, educadoras, limpadoras, coidadoras de persoas maiores...), profesións feminizadas, infravaloradas e en xeral mal pagadas.

Imagina e
Comparte máis





A conciliación si! Mais non só atinxe ás mulleres!

Coa conciliación preténdese compatibilizar o traballo remunerado, feito fóra da casa, co traballo doméstico.

A conciliación da vida laboral e familiar é responsabilidade das mulleres, dos homes, do empresariado, do goberno e de toda a sociedade en xeral.

En conxunto deben fomentar medidas que fagan compatibles estes dous espazos vitais para as persoas.

Imagina e Comparte máis

CADA DÍA	92% DAS	70% DOS
DEDICAN	MULLERES	HOMES
ÁS TAREFAS	4 HORAS E	2 HORAS E
DO FOGAR	45 MINUTOS	4 MINUTOS





Somos iguais? Por que non facemos o mesmo?

Por corresponsabilidade enténdese a distribución das tarefas do traballo doméstico entre mulleres e homes, tales como: a xestión do fogar, o coidado de fillas e fillos, a atención das persoas maiores...

Coa corresponsabilidade acádase:

Un maior acceso das mulleres a novos espazos e novos empregos cun maior aproveitamento dos seus tempos persoais.

Un cambio social onde todas e todos poidamos exercer os dereitos básicos dun xeito equitativo.

Imagina e
Comparte más






Como podemos transformar a sociedade para ser realmente iguais?

- Articulando novas formas sociais e familiares.
- Cambiando mentalidades e actitudes. As leis permiten acadar certas metas, pero resultan insuficientes se todas e todos non nos implicamos e esforzarnos para cambiar.
- A aplicación do principio de igualdade de oportunidades na elaboración dos programas e accións políticas.
- Educando en Igualdade de Oportunidades. As escolas deben traballar este aspecto nos seus proxectos educativos.
- Adecuando o mercado laboral á nova organización social e familiar, promovendo condicións laborais que compatibilicen o traballo coas responsabilidades familiares.
- Valorando o traballo e as vivencias das mulleres.


Deste xeito,
as mulleres poderán recuperar o seu tempo persoal e aumentar a súa calidade de vida.



recorta, monta e terás...
un cubo da igualdade









Conta con Elas é un proxecto da iniciativa Equal do Fondo Social Europeo, que promove novos métodos de loita contra a discriminación entre mulleres e homes no acceso ao mercado de traballo.

Está promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e integrado no eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes (2005-2007).

Mediante a sensibilización trata de promover cambios na percepción social das posibilidades laborais das mulleres, para que non teñan barreiras de acceso tanto a postos de dirección como a traballos considerados tradicionalmente masculinos.



Fondo Social Europeo

